

Día Internacional da Muller Traballadora



CEIP Manuel Sueiro



## 8 de marzo, día internacional da muller traballadora

O nacemento do Día Internacional da Muller, ao contrario do que se pensaba, non radica nun acontecemento illado, débemolo situar nun contexto histórico e ideolóxico moito máis amplo.

CARMÉ LÓPEZ (Mujer actual)

Esta é unha conmemoración que as **Nacións Unidas** declararon no ano **1978**, pero que ten a súa orixe no ano **1908** en **Nova York**.





converter esta celebración nunha festividade internacional correu a cargo de Clara Zetkin (1857-1933), líder do movemento alemán de mulleres

8 ♀

MARZO

socialistas. Pero a proposta presentada non era do todo orixinal. Tiña uns antecedentes nos que inspirarse, o Women's Day que as socialistas estadounidenses levaban celebrando desde 1908, coa finalidade de reivindicar o dereito ó voto para as mulleres.

Estes son os feitos puntuais, que nos serven de referencia concreta para conmemorar este día, pero o 8 de marzo é moito máis ca celebración duns feitos concretos. Por iso, neste día, dedicamos unha xornada de reflexión sobre o longo camiño cas mulleres tiveron que percorrer para ver recoñecidos os seus dereitos.

Só temos que fixarnos que entre o ano 1908, en que sucederon os feitos da fábrica Cotton en Nova York, e 1975 cando Nacións Unidas declara o 8 de marzo "Día Internacional da Muller", pasaron case 70 anos.

O día da muller traballadora é unha xornada de conmemoración, e non de celebración, porque recorda un feitos moi desgraciados como para festexalos.

Todo isto deu pé, ás mulleres, a tomar iniciativas para ser tratadas co respecto que se merecen tódolos seres humanos.



## OBXECTIVOS DA CONMEMORACIÓN

Hoxe en día continúa a loita pola igualdade entre homes e mulleres.

### ¿Hai igualdade entre homes e mulleres ?

O que se reivindica é unha **igualdade de dereitos entre ámbolos sexos**, e non só na redacción das leis, senón na aplicación das mesmas e nos seus resultados, pois unha lei magnífica pode ser mal aplicada e incluso, estando ben aplicada, pode ir en contra dos obxectivos cos que se deseña dita lei.

Estes aspectos deben seguir sendo reivindicados, pois o obxectivo final da **igualdade non se conseguiu**, e para elo simplemente temos que remitirnos aos datos de desemprego, horas de traballo dentro do fogar e fora del, posición laboral, soldos, abusos, agresións, etc.

Aínda queda moito por facer e **hai marxe para mellorar** o apoio ás familias no ámbito salarial, fiscal e educativo: equiparación salarial, mellorar as prestacións fiscais por fillos, ampliar a educación gratuíta aos cero anos para favorecer a incorporación da muller ao traballo...



Por outra banda, é prioritario **incidir na formación cultural e educativa**, para erradicar hábitos e culturas de discriminación, de marxinación ou de violencia de xénero.

Non debemos esquecernos das **mulleres inmigrantes** que por ser muller e por ser inmigrante sofre un dobre proceso de discriminación, que as fai especialmente vulnerables.

As conquistas foron moitas desde 1908, pero queda dabondo por facer.

## PESCUDA DE INFORMACIÓN

1. Que se conmemora o 8 de marzo?

---

---

---

2. Desde que ano se conmemora esta data?

---

---

3. Que organismo internacional declarou oficial esta data?

---

---

4. Que pasou o 8 de marzo de 1908?

---

---

---

---

5. Cantas mulleres morreron no incendio da fábrica?

---

---

6. De que cor era o tecido co que estaban a traballar?

---

---





## Mulleres famosas da historia

Busca a data de nacemento e morte; o país de orixe e por que pasaron á historia as seguintes mulleres:

|   |                                       |
|---|---------------------------------------|
|    | <p><b>Rigoberta Menchú</b></p>        |
|    | <p><b>Madre Teresa de Calcuta</b></p> |
|   | <p><b>Gertrude Elion</b></p>          |
|  | <p><b>Indira Gandhi</b></p>           |



**Concepción Arenal**



**Gabriela Mistral**



**Marie Curie**



**María Mariño Carou**



**Valentina Tereshkova**

## Realiza esta enquisa na túa familia:



|                                   | pai | nai |
|-----------------------------------|-----|-----|
| cociñar                           |     |     |
| comprar comida                    |     |     |
| comprar mobles                    |     |     |
| lavar                             |     |     |
| tender                            |     |     |
| pasar o ferro                     |     |     |
| coser                             |     |     |
| facer a cama                      |     |     |
| quitar o po                       |     |     |
| poñer a mesa                      |     |     |
| varrer                            |     |     |
| fregar                            |     |     |
| reparar grifos                    |     |     |
| reparar a luz                     |     |     |
| levar as contas aos bancos        |     |     |
| ocuparse do coche                 |     |     |
| acudir a reunións na escola       |     |     |
| coidar dos nenos                  |     |     |
| quedarse na casa cun fillo doente |     |     |
| ler diarios                       |     |     |
| Escoitar informativos de TV       |     |     |
| ver películas                     |     |     |
| ver programas científicos         |     |     |

Debúxate traballando cando sexas maior



A large, empty rectangular box intended for drawing or writing.

## **Créditos:**

Os contidos e imaxes deste tema foron sacados das seguintes webs:

- <http://www.edualter.org/material/dona/fichab1.htm>
- <http://www.edualter.org/material/dona/ficha4.htm>
- <http://www.webdenorberto.com>
- <http://www.calamonte.org/noticiario/Ampliada.php?CLAVE=72>
-